



**Deputación  
DA CORUÑA**

**INFORME-PROPUESTA**

**DA SECRETARÍA, DA TESORERÍA E DA INTERVENCIÓN PROVINCIAL**

Asunto: Análise do funcionamento dos Centros Provinciais e elaboración de propostas de actuación.

Unidade: Presidencia.

Como é sabido, a Deputación provincial da Coruña realiza o seu labor a través dos Servizos Xerais administrativos e a través de distintos centros especializados, dotados dun certo grao de autonomía funcional en atención ás características dos servizos que xestionan.

Un elemento relevante da súa autonomía funcional, necesaria para o seu idóneo funcionamento, é a de xestionar unha parte dos seus gastos a través do sistema de "Anticipos de Caixa Fixa".

No orzamento Provincial do presente exercicio están identificados como centros xestores de "Anticipos de Caixa Fixa", distintos dos Servizos Xerais Administrativos Provinciais, os seguintes:

- Residencia Calvo Sotelo
- IES Calvo Sotelo
- IES Puga Ramón
- Imprenta Provincial
- Parque Móbil
- Servizo de Recadación
- Fogar Infantil Emilio Romay
- Centro de Día de Menores de Ferrol
- Biblioteca Provincial
- Conservatorio Profesional de Danza
- Pazo de Mariñán

A importancia cuantitativa dos recursos públicos provinciais asignados e a relevancia cualitativa dos servizos xestionados a través dos Centros Provinciais citados, aconsella realizar comprobacións periódicas que permitan verificar o seu idóneo funcionamento nas diferentes facetas da súa actividade:

- Cumprimento da normativa aplicable
- Grao de consecución dos obxectivos atribuídos.
- Acreditación das condicións de eficacia, eficiencia e economía obtidos na aplicación dos recursos asignados.
- Proposta e valoración de indicadores relevantes da calidade e transparencia obtidos na xestión.

Para tal fin considérase conveniente designar un equipo de traballo que, en colaboración coa Dirección e o persoal adscrito aos Centros, realice os traballos de análises do funcionamento dos Centros Provinciais e elabore as propostas que procedan nos distintos ámbitos da actividade: de xestión dos ingresos e dos gastos (xestión de recursos humanos, de contratos e outros), que requira o servizo correspondente.

Por outra banda, o recente Real Decreto 424/2017, do 28 de abril, regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local, e a Base 35ª de execución do Orzamento Provincial para o ano 2018,

contemplan a necesidade de levar a cabo un Plan de Control Financeiro que teña por "obxecto verificar o funcionamento dos servizos do sector público local no aspecto económico financeiro para comprobar o cumprimento da normativa e directrices que os rexen e, en xeral, que a súa xestión se axusta aos principios de boa xestión financeira, comprobando que a xestión dos recursos públicos atópase orientada pola eficacia, a eficiencia, a economía, a calidade e a transparencia, e polos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira no uso dos recursos públicos locais." (Artigo 3.3 do Real Decreto 424/2017, do 28 de abril).

En virtude de canto antecede, os titulares da Secretaría, a Tesourería e a Intervención Provincial propoñen ao Presidente da Corporación a adopción dos seguintes acordos, a través da Resolución oportuna:

**Primeiro.-** Realizar a análise do funcionamento dos Centros Provinciais como un elemento de información para a xestión e como un acto de execución do Plan de Control Financeiro do exercicio 2018.

**Segundo.-** A actividade de estudo, as comprobacións pertinentes, así como a elaboración de propostas e suxestións levarase a cabo polo persoal que se indica a continuación, coa colaboración da Dirección e o Persoal adscrito aos Centros Provinciais:

- Juan Bautista Suárez Ramos, Interventor Adxunto, como coordinador e en funcións de Control Financeiro.
- Luís Jaime Rodríguez Fernández, Xefe do Servizo de Patrimonio e Contratación, asistido por María Lauda Pan e Beatriz Méndez López.
- Carlos Hervella Couceiro, por indicación da Xefa do Servizo de Planificación e Xestión de Recursos Humano.

Todo iso sen prexuízo da incorporación do persoal adscrito á Tesourería Provincial que se considere necesario por razón da materia.

**Terceiro.-** Para realizar as tarefas descritas atenderase ao seguinte calendario orientativo:

CENTRO	DATA PREVISTA DE ACTUACIÓN
PAZO DE MARIÑÁN	Do 1 de marzo al 30 de abril de 2018
IMPRENTA PROVINCIAL	Do 1 de maio al 30 de xuño de 2018
BIBLIOTECA PROVINCIAL	Do 1 al 31 de xullo de 2018
PARQUE MÓBIL	Do 1 al 15 de setembro de 2018
IES Y RESIDENCIA CALVO SOTELO	Do 15 de setembro al 30 de novembro de 2018
IES PUGA RAMÓN	Do 15 al 31 de xaneiro de 2019
CONSERVATORIO DE DANZA	Do 1 al 28 de febreiro de 2019
HOGAR INFANTIL EMILIO ROMAY	Do 1 de abril al 31 de maio de 2019
CENTRO DE MENORES DE FERROL	Do 1 de xuño al 31 de xullo de 2019
ANTICIPO SERVICIO DE RECAUDACIÓN	Do 1 al 30 de outubro de 2019

**Cuarto.-** O resultado das actividades de análises do funcionamento dos Centros Provinciais remitirase á Presidencia da Corporación e ao Pleno da Corporación como parte da documentación do Plan de Control Financeiro do exercicio 2018.

A Coruña, 21 de febreiro de 2018

